



BATERIA DE PREGUNTAS QUE REXERÁN A FASE DE OPOSICIÓN DO PROCEDIMENTO SELECTIVO DUN ADMINISTRATIVO/A XEFE/A DE NEGOCIADO (CÓDIGO RPT 02.01.00.01) DERIVADO DO PROCESO DE ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL

PRIMEIRA PARTE:

Tema 1: A Constitución española de 1978. Principios, dereitos e deberes dos españois.

1. O Título 1 da Constitución consta de:

- a) 4 Capítulos.
- b) 5 Capítulos.
- c) 3 Capítulos.
- d) 2 Capítulos.

2. En que artigo da Constitución regúlase o dereito á cláusula de conciencia e ao segredo profesional:

- a) No artigo 20.
- b) No artigo 27.
- c) No artigo 24.
- d) No artigo 19.

3. A Constitución Española garante o dereito á intimidade persoal e familiar:

- a) No artigo 17.1
- b) No artigo 17.2
- c) No artigo 18.1
- d) No artigo 18.2

4. Unha das seguintes materias non se atopa regulada no Título Preliminar da Constitución Española:

- a) As Cortes Xerais.
- b) Os Partidos Políticos.
- c) As Forzas Armadas.
- d) As Asociacións de Empresarios.





5. ¿ En que data foi sancionada a Constitución española de 1978?

- a) O 29 de decembro de 1978.
- b) O 27 de decembro de 1978.
- c) O 6 de decembro de 1978.
- d) O 31 de outubro de 1978.

6. Os españois teñen dereito:

- b) A circular libremente por todo o territorio nacional.
- a) A elixir libremente a súa residencia.
- c) Ningunha é certa.
- d) As opcións a e b son certas.

7. A defensa de España, para os españois, é:

- a) Un dereito e un deber.
- b) Un dereito.
- c) Un deber.
- d) Nin un dereito nin un deber.

8. A tutela xudicial efectiva dos Xuíces e Tribunais a que se refire o artigo 24 da Constitución, afecta:

- a) Ao exercicio dos dereitos e intereses lexítimos de todas as persoas.
- b) Ningunha das opcións é correcta.
- c) Á titularidade e exercicio dos dereitos das persoas físicas e xurídicas.
- d) Ao exercicio dos dereitos e intereses directos e lexítimos dos cidadáns.

9. Os principios reitores da política social e económica só poderán ser alegados ante:

- a) A xurisdición militar.
- b) O Tribunal Constitucional.
- c) A xurisdición ordinaria, de acordo con o que dispoñan as leis que os desenvolvan





d) Todas as opcións son correctas

10. O artigo 27 da Constitución:

- a) Recoñece a liberdade de ensinanza
- b) Permite a libre creación de centros docentes
- c) Atribúe aos poderes públicos a capacidade para inspeccionar e homologar o sistema educativo
- d) Todas as respostas anteriores son correctas

Tema 2: A Coroa. O poder legislativo.

1. O Rei, como xefe do Estado:

- a) É símbolo da súa unidade
- b) É símbolo da súa unidade e permanencia
- c) É símbolo da súa unidade exclusivamente
- d) É símbolo da unidade dos cidadáns, non do Estado

2. A persoa do Rei:

- a) É inviolable, estando suxeita unicamente a responsabilidade pola comisión de actos estritamente persoais
- b) É inviolable e non está suxeita a responsabilidade
- c) Non é inviolable, estando suxeita a responsabilidade nos casos previstos na CE
- d) É inatacable e irresponsable

3. A coroa de España é hereditaria nos sucesores do lexítimo herdeiro da dinastía histórica que é:

- a) Don Xoan de Borbón, Conde de Barcelona
- b) Don Afonso XIII
- c) Don Xoán Carlos I de Borbón.
- d) Don Felipe de Borbón e Grecia.





4. Na sucesión ao trono:

- a) Seguirase a orde especial de representación e primoxenitura
- b) Seguirase a orde natural de primoxenitura e predestinación
- c) Prevalecerán as liñas posteriores sobre as anteriores
- d) Prevalecerán as liñas anteriores sobre as posteriores

5. Unha das seguintes afirmacións respecto da persoa preferida para acceder á coroa, e incorrecta:

- a) Terá preferencia, de entre dous primos irmáns varóns, o máis xove respecto do maior
- b) Terá preferencia, de entre dous irmáns varón e muller, o varón, independentemente da súa idade.
- c) Terá preferencia, de entre unha filla e un neto, unha filla.
- d) Terá preferencia, de entre un primo irmán e un primo segundo, o primo irmán

6. O príncipe herdeiro terá a dignidade de Príncipe de Asturias e os demais títulos tradicionalmente vinculados á Coroa de España:

- a) Exclusivamente dende o seu nacemento
- b) Dende que así se atribúan polo titular da Coroa
- c) Dende que se produza o feito que orixine o chamamento
- d) Dende que lle sexan concedidos polas Cortes Xerais

7. O tratamento legal que corresponde a:

- a) Unha abdicación, poder ser mediante Lei Orgánica
- b) Unha renuncia, será sempre mediante Lei Orgánica
- c) Calquera dúbida de feito que se presente na orde de sucesión á Coroa, poderá tratarse mediante Lei Ordinaria.
- d) Calquera dúbida de feito que se presente na orde de sucesión á Coroa, poderá tratarse mediante Lei Orgánica





8. Extinguidas todas as liñas chamadas en dereito á sucesión:

- a) As Cortes Xerais proverán sobre a mesma na forma que máis conveña aos intereses de España
- b) As Cortes Xerais proverán sobre a mesma atendendo rigorosamente aos imperativos xenealóxicos coñecidos
- c) O Congreso dos Deputados proverá sobre a mesma consonte á tradición ou costume existente ao respecto
- d) Todas as respostas anteriores son falsas

9. As funcións constitucionais correspondentes ao titular da Coroa:

- a) Nunca poderán ser asumidas pola Raíña consorte
- b) Se asumirán en todo caso polo consorte da Raíña
- c) Non poderán ser asumidas pola Raíña consorte nin polo consorte da Raíña, salvo no disposto para a rexencia
- d) Poderán ser asumidas nos casos de extraordinaria e urxente necesidade tanto pola Raíña consorte como polo consorte da Raíña

10. Se o Príncipe herdeiro contraera matrimonio:

- a) Conservará o seu dereito de sucesión en calquera caso
- b) Quedará excluído da sucesión se contrae matrimonio en contra da expresa prohibición do Rei e das Cortes Xerais
- c) Soamente quedará excluído da sucesión, por si e os seus descendentes, se o matrimonio se contrae en contra da expresa prohibición do Rei e das Cortes Xerais
- d) As consecuencias indicadas na opción c) soamente afectan ao Príncipe herdeiro, non a calquera outra persoa con dereito á sucesión no trono.

Tema 3: O Goberno e a administración do Estado

1. A responsabilidade política do goberno ante o Congreso é:

- a) Subsidiaria.
- b) Vinculante.
- c) Inviolable.





d) Solidaria.

2. A regulación que no Título Quinto faise dos estados de alarma, excepción e sitio, efectúase no artigo:

- a) 115.
- b) 114.
- c) 116.
- d) 113.

3. A proposta exclusiva para a declaración do estado de sitio corresponde:

- a) Ao Congreso.
- b) Ao goberno.
- c) Ao presidente do goberno.
- d) Ao goberno, ao Congreso ou ao Senado.

4. A moción de censura deberá ser proposta polo menos:

- a) Pola cuarta parte dos deputados.
- b) Pola parte cuarta parte de deputados ou de senadores.
- c) Pola décima parte dos deputados.
- d) Pola décima parte de deputados ou de Senadores.

5. A proposta do Rei de candidato á Presidencia do Goberno canalízase a través de:

- a) Goberno en pleno.
- b) Senado e Congreso dos Deputados.
- c) Grupo político maioritario.
- d) Presidente do Congreso dos Deputados.

6. Non modificará o principio de responsabilidade do goberno e dos seus axentes recoñecidos na constitución:

- a) A declaración do estado de sitio.





- b) A declaración dos estados de alarma, de excepción e de sitio.
- c) A declaración do estado de excepción.
- d) A declaración do estado de excepción ou de sitio.

7. Que carácter teñen as deliberacións do Consello de Ministros:

- a) Públicas.
- b) Solemnes.
- c) Secretas.
- d) Solemnes e públicas.

8. A prerrogativa real de graza respecto dos Presidentes e membros do Goberno non é aplicable:

- a) Nos casos de traizón.
- b) Cando o determina a Sala Segunda do Tribunal Supremo.
- c) En ningún caso.
- d) Nos casos de responsabilidade criminal.

9. Conforme establece a Constitución Española, se tras a primeira votación non se outorgase a confianza ao candidato proposto á Presidencia do Goberno, someterase a mesma proposta a nova votación:

- a) Cinco días despois da anterior.
- b) Tres días despois da anterior.
- c) Ningunha das opcións é correcta.
- d) Corenta e oito horas despois da anterior.

10. A suplencia dun Ministro para o despacho ordinario dos asuntos da súa competencia determínase polo:

- a) Propio Ministro.
- b) Presidente do Goberno.
- c) Consello de Ministros.
- d) Vicepresidente Primeiro do Goberno.





Tema 4: O poder xudicial. O concello Xeral do Poder Xudicial. A organización xudicial española. O Ministerio Fiscal. O Tribunal Constitucional.

1. Cal é a orixe que a Constitución atribúe á Xustiza:

- a) O marco parlamentario.
- b) Positivista.
- c) Lexislativo.
- d) Popular.

2. Se prohiben os Tribunais:

- a) Consuetudinarios.
- b) De excepción.
- c) Tradicionais.
- d) Se prohiben os tribunais de excepción, consuetudinarios e tradicionais.

3. Cal é o máximo de candidatos que se poden presentar polas asociacións profesionais de xuíces e maxistrados:

- a) Non existe número máximo.
- b) O triplo do número de postos a cubrir.
- c) O dobre do número de postos a cubrir.
- d) O número de postos a cubrir.

4. O Tribunal Supremo:

- a) É o órgano superior xerárquico do Tribunal Constitucional.
- b) É o órgano xurisdiccional superior en todas as ordes.
- c) É o órgano xurisdiccional superior en materia de garantías Constitucionais.
- d) É o órgano xurisdiccional superior en todas as ordes, salvo en materia de garantías Constitucionais





5. Darán dereito a unha indemnización con cargo ao Estado:

- a) Os danos causados por errónea apreciación das probas por parte dos xulgados e Tribunais
- b) Os danos causados polo atraso superior a seis meses na resolución dos preitos a cargo dos Xulgados e Tribunais
- c) Os danos que sexan consecuencia do funcionamento anormal da administración de xustiza
- d) todas as respostas anteriores son correctas.

6. Os Xuíces e Maxistrados de carreira:

- a) Conforman un Corpo único.
- b) Conforman dous Corpos
- c) Forman un só Corpo xunto co persoal ao servizo da Administración de xustiza
- d) Non forman Corpo algún.

7. As Sentenzas:

- a) Serán sempre razoadas
- b) Serán normalmente motivadas
- c) Se pronunciarán en presenza dos interesados
- d) Se pronunciarán en Audiencia pública

8. A xustiza será gratuíta:

- a) En todo caso
- b) Cando así o dispoña a Lei respecto de quen acredite insuficiencia de recursos
- c) En todo caso respecto de quen acredite insuficiencia de recursos para litigar
- d) En determinados casos previstos pola Lei.

9. Unha das seguintes afirmacións é falsa:

- a) É obrigado cumprir as sentenzas firmes dos Xuíces e Tribunais
- b) É obrigado cumprir as sentenzas e demais resolucións dos Xuíces e Tribunais





- c) É obrigado prestar a colaboración requirida polos Xuíces e Tribunais no curso do proceso.
- d) É obrigado prestar a colaboración requirida polos Xuíces e Tribunais na execución do resolto.

10. A declaración de inconstitucionalidade dunha norma xurídica con rango de Lei, interpretada pola xurisprudencia:

- a) Afectará a todo o ordenamento xurídico
- b) Afectará á norma concreta, perdendo o valor de cousa xulgada a sentenza ou sentenzas recaídas en aplicación de tal norma.
- c) Afectará á norma concreta , sen que perdan valor de cousa xulgada a sentenza ou sentenzas recaídas en aplicación de tal norma.
- d) Non afectará a norma algunha, ao non producir a declaración de inconstitucionalidade efectos retroactivos

Tema 5: A organización territorial do Estado. Os Estatutos de Autonomía. O seu significado. O Parlamento de Galicia. A administración autonómica de Galicia: organización e estrutura básica.

1. De autonomía para a xestión dos seus respectivos intereses:

- a) Solo gozan as Comunidades Autónomas
- b) Poden gozar del tal autonomía as comarcas
- c) Gozan nada máis que os municipios e as Comunidades Autónomas
- d) Gozan dela todas as entidades nas que o Estado se organiza territorialmente

2. A realización efectiva do principio de solidariedade, se garante polo Estado:

- a) Velando polo establecemento dunha renda per cápita equiparable entre todos os cidadáns do Estado
- b) Procurando o establecemento dun equilibrio económico axeitado e xusto entre as diversas provincias do Estado
- c) Atendendo en particular ás circunstancias do feito insular
- d) Atendendo en particular ás circunstancias das zonas de montaña





3.As diferenzas entre os Estatutos das distintas Comunidades Autónomas:

- a) Non poderán implicar, en ningún caso, un distinto tratamento dos ingresos públicos
- b) Non poderán implicar, en ningún caso, privilexios económicos ou sociais
- c) Poderán consagrar os privilexios que sexan procedentes, cando a súa orixe non se sustente en calquera causa de discriminación.
- d) A pregunta está erroneamente formulada, xa que os Estatutos de Autonomía deben de ser idénticos en todas as comunidades Autónomas

4. Unha das seguintes afirmacións, relativas á administración local non é correcta:

- a) Os municipios gozarán de de personalidade de obrar plena
- b) O goberno e administración dos municipios corresponde aos seus respectivos concellos
- c) Os concellos están integrados polos alcaldes e os concelleiros
- d) Os concelleiros son elixidos polos veciños do municipio, mediante sufraxio universal, libre, igual, directo e secreto.

5.As medidas que obstaculicen a liberdade de circulación e establecemento das persoas, e a libre circulación de bens en todo o territorio de Estado:

- a) Soamente poderán ser adoptadas polo propio Estado
- b) Poderán ser adoptadas polos Gobernos das diferentes Comunidades Autónomas
- c) Solo poderán ser adoptadas polo Estado ou polos gobernos autonómicos , cando tales limitacións se produzan indirectamente
- d) Non se poderán adoptar tales medidas por ningunha autoridade

6. Cal das seguintes non é unha función do Parlamento de Galicia:

- a) Exercer a potestade lexislativa da Comunidade Autónoma
- b) Controlar a acción executiva da Xunta
- c) Elixir de entre os seus membros ao Presidente da Xunta de Galicia
- d) Interpoñer cuestións de inconstitucionalidade ante o Tribunal Constitucional





7. De acordo co disposto no artigo 12 da Lei Orgánica 1/1981, do 6 de abril, de Estatuto de Autonomía para Galicia, o Parlamento elixirá, de entre os seus membros:

- a) Un Presidente, a Mesa e unha Deputación Permanente
- b) Un Presidente, a Mesa e os membros da Comisión Territorial
- c) A Mesa, a Xunta de Portavoces e os membros da Comisión Territorial
- d) Un Presidente, a Xunta de Portavoces e a Mesa

8. É competencia da Comunidade Autónoma galega o desenvolvemento legislativo e a execución da lexislación do Estado nos termos que a mesma estableza, das seguintes materias. Sinala a resposta incorrecta:

- a) Réxime Xurídico da Administración Pública de Galicia, e réxime estatutario dos seus funcionarios
- b) Réxime mineiro e enerxético
- c) Ordenación do sector pesqueiro
- d) Asistencia social

9. Corresponde á Comunidade Autónoma galega a execución da lexislación do Estado nas seguintes materias:

- a) Salvamento marítimo
- b) A promoción do deporte e a adecuada utilización do lecer
- c) A promoción do desenvolvemento comunitario
- d) A artesanía

10. Corresponde á Comunidade Autónoma a defensa e promoción dos valores culturais do pobo galego. A tal fin, e mediante lei do Parlamento, constituirase:

- a) O Consello da Cultura Galega
- b) A consellería de Cultura de Galicia
- c) O fondo Cultural Galego
- d) As respostas a) e c) son correctas





Tema 6: O acto administrativo: concepto, clases, elementos e requisitos. A obriga de resolver e actos presuntos. Eficacia dos actos administrativos. Nulidade e anulabilidade.

1. Segundo o artigo 21 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo

común das administracións públicas, a Administración está obrigada a ditar resolución expresa en todos os procedementos e a notificala calquera que sexa a súa forma de iniciación. Cando as normas reguladoras dos procedementos non fixen o prazo máximo para recibir a devandita notificación, esta será de:

- a) Un ano
- b) Seis meses
- c) Tres meses
- d) Un mes

2. A partir de que momento comeza a contarse o prazo máximo no que debe notificarse a resolución expresa cando se trate de procedementos iniciados de oficio:

- a) Desde a data do acordo de iniciación
- b) Desde a data en que se publica o acordo de iniciación
- c) Desde a data en que se notifica o acordo de iniciación
- d) Desde a data na que se realizan as primeiras actuacións administrativas

3. Cando se soliciten informes preceptivos a un órgano da mesma ou distinta Administración, poderase suspender o transcurso do prazo máximo legal para resolver un procedemento e notificar a resolución, por un prazo que non poderá exceder en ningún caso de :

- a) Dous meses.
- b) Tres meses
- c) Un mes
- d) Seis meses

4. Cando un procedemento teña por obxecto o acceso a actividades ou o seu exercicio, a lei que dispoña o carácter desestimatorio do silencio:





- a) Deberá fundarse na concorrencia de razóns imperiosas de interese xeral.
- b) Deberá acreditar o cumprimento dos principios de necesidade e proporcionalidade.
- c) Deberá ponderar, de forma suficientemente razoada, o prexuízo que causa ao interese público.
- d) Deberá fundarse en razóns de seguridade pública

5.Excepcionalmente, cando se esgoten os medios persoais e materiais dispoñibles, o órgano competente para resolver poderá acordar de maneira motivada a ampliación do prazo máximo de resolución e notificación, sen que poida ser este con carácter xeral:

- a) Superior a dous meses
- b) Superior a tres meses.
- c) Superior a seis meses.
- d) Superior ao establecido para a tramitación do procedemento

6.Como regra xeral, nos procedementos iniciados a solicitude do interesado, o vencemento do prazo máximo sen notificarse resolución expresa, lexítima ao interesado ou interesados para entendela:

- a) Estimada por silencio administrativo
- b) Desestimada por silencio administrativo
- c) Caducada por silencio administrativo
- d) Ningunha é correcta

7. Cal dos seguintes actos non se prevé como un dos que deberá de ser motivado con sucinta referencia de feitos e fundamentos de dereito:

- a) Os actos que resolvan procedementos de arbitraje.
- b) Os acordos de aplicación da tramitación simplificada dun procedemento.
- c) Os acordos de adopción de medidas provisionais
- d) Os actos que se separen do criterio seguido en actuacións precedentes ou do ditame de órganos consultivos





8. En virtude do principio de executividade recollido no artigo 38 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, serán executivos conforme ao disposto nesta lei os actos das administracións públicas:

- a) Ditados nos procedementos de responsabilidade patrimonial.
- b) Ditados nos procedementos disciplinarios.
- c) Ditados nos procedementos sancionadores
- d) Suxeitos ao dereito administrativo.

9. Segundo o sinalado polo artigo 47 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os actos ditados por órgano manifestamente incompetente por razón da materia ou do territorio determinarán:

- a) A súa invalidez.
- b) A súa nulidade de pleno dereito.
- c) A súa anulabilidade.
- d) Ningunha das respostas anteriores é correcta

10. Os actos nulos ou anulables que, con todo, conteñan os elementos constitutivos doutro

distinto producirán os efectos deste en virtude do principio de:

- a) Conservación de actos e trámites.
- b) Validación.
- c) Conversión de actos viciados
- d) Convalidación de actos viciados

Tema 7: O procedemento administrativo común. Fases: iniciación, ordenación, instrución e finalización.

1. As asociacións e organizacións representativas de intereses económicos e sociais:

- a) Serán titulares de intereses lexítimos individuais e colectivos nos termos que regulamentariamente se estableza
- b) Serán titulares de intereses lexítimos individuais e colectivos





- c) Non serán titulares de intereses lexítimos colectivos
- d) Serán titulares de intereses lexítimos colectivos nos termos que a Lei recoñeza
2. Os interesados con capacidade de obrar poderán actuar por medio de representante:
- a) Entendéndose con este as actuacións administrativas, salvo manifestación expresa ou tácita en contra do interesado
- b) Entendéndose co interesado as actuacións administrativas, salvo manifestación expresa en contra do interesado
- c) Entendéndose con este as actuacións administrativas, salvo manifestación expresa en contra do interesado
- d) Entendéndose co interesado as actuacións administrativas, salvo manifestación expresa ou tácita en contra do interesado
3. Deberá incorporar ao expediente administrativo acreditación da condición de representante e dos poderes que ten recoñecidos no devandito momento:
- a) O órgano competente para a iniciación do procedemento
- b) O órgano competente para a instrución do procedemento
- c) O órgano competente para a tramitación do procedemento
- d) O órgano competente para a terminación do procedemento
4. A falta ou insuficiente acreditación da representación non impedirá que se teña por realizado o acto de que se trate, sempre que se achegue aquela ou se emende o defecto dentro do prazo de:
- a) 5 días ou dun prazo superior cando as circunstancias do caso así o requiran
- b) 10 días ou dun prazo superior cando as circunstancias do caso así o requiran
- c) 15 días ou dun prazo superior cando as circunstancias do caso así o requiran
- d) 20 días ou dun prazo superior cando as circunstancias do caso así o requiran
5. Os rexistros mercantís, da propiedade, e dos protocolos notariais serán interoperables con:
- a) Os rexistros electrónicos xenerais de apoderamentos





- b) Os rexistros electrónicos particulares de apoderamentos
- c) a e b son correctas
- d) Ningunha é correcta

6. Os interesados poderán identificarse electronicamente ante as Administracións Públicas a través de:

- a) Sistemas baseados en certificados electrónicos cualificados de firma electrónica expedidos por prestadores incluídos na "Lista de confianza de prestadores de servizos de certificación"
- b) Sistemas baseados en certificados electrónicos cualificados de selo electrónico expedidos por prestadores incluídos na "Lista de confianza de prestadores de servizos de certificación"
- c) Calquera outro sistema, que as Administracións consideren válido nos termos e condicións que se estableza, sempre que contén cun rexistro previo como usuario que permita garantir a súa identidade
- d) Todas son correctas

7. Sinale a correcta:

- a) En ningún caso as Administracións poderán establecer a obrigaón de practicar electronicamente as notificacións para determinados procedementos ou para certos colectivos de persoas físicas
- b) Os interesados que estean obrigados a recibir notificacións electrónicas, poderán decidir e comunicar en calquera momento á Administración Pública que as notificacións sucesivas practíquense ou deixen de practicarse por medios electrónicos
- c) O interesado poderá identificar un dispositivo electrónico e/o unha dirección de correo electrónico que servirán para o envío dos avisos e para a práctica de notificacións
- d) A acreditación da notificación efectuada incorporárase ao expediente

8. Respecto ao comezo do procedemento de oficio enténdese por denuncia:

- a) O acto polo que calquera persoa, en cumprimento ou non dunha obrigaón legal, pon en coñecemento dun órgano administrativo a existencia dun determinado feito que puidese xustificar a iniciación de oficio dun procedemento administrativo





- b) A actuación derivada do coñecemento directo ou indirecto das circunstancias, condutas ou feitos obxecto do procedemento polo órgano que ten atribuída a competencia de iniciación
- c) A proposta de iniciación do procedemento formulada por calquera órgano administrativo que non ten competencia para iniciar o mesmo e que tivo coñecemento das circunstancias, condutas ou feitos obxecto do procedemento
- d) A orde emitida por un órgano administrativo superior xerárquico do competente para a iniciación do procedemento

9. Poderán ser executados por compulsión directa sobre as persoas:

- a) Os actos administrativos que impoñan unha obrigaón personalísima de non facer ou soportar
- b) Os actos administrativos que impoñan unha obrigaón personalísima de facer ou soportar
- c) Os actos administrativos que impoñan unha obrigaón personalísima de facer ou non soportar
- d) Os actos administrativos que impoñan unha obrigaón personalísima de non facer ou non soportar

10. Transcorrido o prazo que ten o órgano competente para poder desestimar a solicitude da tramitación simplificada do procedemento:

- a) Entenderase estimada a solicitude
- b) Entenderase desestimada a solicitude
- c) Producirase a caducidade da solicitude
- d) Producirase a suspensión do procedemento

Tema 8: A revisión de oficio dos actos administrativos. Recursos administrativos. A xurisdición contencioso-administrativa

1. As Administracións Públicas poderán revogar os seus actos de gravame ou desfavorables:

- a) Mentres non transcorrese o prazo de prescrición





- b) Sempre que tal revogación non constitúa dispensa ou exención non permitida polas leis
- c) Sempre que tal revogación non sexa contraria ao principio de proporcionalidade
- d) As respostas a) e b) son correctas

2. No ámbito estatal, serán competentes para a revisión de oficio das disposicións e os actos administrativos nulos e anulables:

- a) O Consello de Ministros, respecto dos actos e disposicións ditados polos Ministros
- b) Os Ministros, respecto dos actos e disposicións dos Secretarios de Goberno
- c) Os Secretarios de Estado, respecto dos actos e disposicións ditados polos Ministros
- d) Ningunha das respostas anteriores é correcta

3. Contra as resolucións e os actos de trámite poderán interpoñerse polos interesados os recursos de alzada e potestativo de reposición:

- a) Se estes deciden directa ou indirectamente o fondo do asunto
- b) Se determinan a imposibilidade de continuar o procedemento
- c) Se producen indefensión ou prexuízo irreparable a dereitos e intereses lexítimos
- d) Todas as respostas anteriores son correctas

4. Contra as disposicións administrativas de carácter xeral:

- a) Procederá unicamente recurso potestativo de reposición
- b) Procederá recurso de alzada en caso de que o órgano que ditou a disposición teña superior xerárquico ou potestativo de reposición de non ser o caso
- c) Non procederá recurso administrativo algún
- d) Soamente procederá o recurso extraordinario de revisión

5. Poñen fin á vía administrativa:

- a) As resolucións dos recursos de alzada
- b) A resolución administrativa dos procedementos de responsabilidade patrimonial sempre que deriven de relacións públicas
- c) Os actos administrativos emanados dos Secretarios de Goberno





d) Ningunha resposta é correcta

6. Serán causas de inadmisión dos recursos administrativos as seguintes:

- a) O erro ou a ausencia da cualificación do recurso por parte do recorrente
- b) Carecer o recurso manifestamente de fundamento
- c) Actuar o recorrente por medio de representante
- d) Todas son correctas

7. Cal das seguintes causas non é circunstancia que xustifique a suspensión do acto impugnado:

- a) Que a execución puidese causar prexuízos de imposible reparación
- b) Que a execución puidese causar prexuízos cuxa reparación sexa difícil
- c) Que a impugnación se fundamente nalgunha causa de nulidade de pleno dereito
- d) Todas as circunstancias que se indican xustifican a suspensión do acto impugnado

8. O recurso extraordinario de revisión interporase dentro do prazo de 4 anos seguintes á data de notificación da resolución impugnada:

- a) Cando aparezan documentos de valor esencial para a resolución do asunto que, aínda que sexan posteriores, evidencien o erro da resolución recorrida
- b) Cando ao ditala se incorrese en erro de feito, que resulte dos propios documentos incorporados ao expediente
- c) Cando na resolución influísen esencialmente documentos ou testemuños declarados falsos por sentenza xudicial firme, anterior ou posterior a aquela resolución
- d) Cando a resolución se houberse ditado como consecuencia de prevaricación, suborno, violencia, maquinación fraudulenta ou outra conduta punible e declarouse así en virtude de sentenza xudicial firme

9. Son órganos colexiados da xurisdición contencioso-administrativa:

- a) Xulgados do Contencioso-administrativo
- b) Salas do contencioso-administrativo dos Tribunais Superiores de Xustiza
- c) Salas do Contencioso-administrativo das Audiencias Provinciais





d) As respostas b) e c) son correctas

10. A declaración de incompetencia dos órganos da orde xurisdiccional contencioso-administrativa:

- a) Adoptará a forma de auto e deberá efectuarse antes da sentenza
- b) Adoptará a forma de sentenza que ordenará a remisión das actuacións ao órgano que estime competente
- c) Adoptará a forma de providencia de traslado das actuacións ao órgano que estime competente
- d) Ningunha das respostas anteriores é correcta

SEGUNDA PARTE:

Tema 1: A provincia. Organización e competencias

1. Son fins propios e específicos da Provincia:

- a) Prestar servizos de competencia municipal cando sexan requiridos polos municipios do seu ámbito territorial.
- b) Seguimento das políticas sociais comunitarias que se prestan no seu territorio
- c) Os principios de solidariedade e equilibrio intermunicipais, no marco da política económica e social
- d) Ningunha das anteriores é correcta

2. Sinale a resposta incorrecta:

- a) As Comunidades Autónomas poderán delegar competencias nas Deputacións, así como encomendar a estas a xestión ordinaria de servizos propios nos termos previstos nos Estatutos correspondentes.
- b) O Estado poderá delegar nas Deputacións competencias de mera execución cando o ámbito provincial sexa o máis idóneo para a prestación dos correspondentes servizos.
- c) No artigo 36 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das base de réxime local, se recollen as competencias propias da Deputación .





d) O exercicio polas Deputacións das facultades delegadas acomodarse ao disposto no artigo 17 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

3. Son competencias propias de Deputación:

a) Asistencia na prestación dos servizos de xestión da recadación tributaria, en período voluntario e executivo, e de servizos de apoio á xestión financeira dos municipios con poboación inferior a 20.000 habitantes.

b) La coordinación mediante convenio, con la Comunidad Autónoma respectiva, de la prestación del servicio de mantenimiento y limpieza de los consultorios médicos en los municipios con población inferior a 5000 habitantes

c) A prestación dos servizos de administración electrónica e a contratación centralizada nos municipios con poboación inferior a 20.000 habitantes

d) Todas as respostas son correctas

4. ¿ A quen corresponde a alteración dos límites provinciais?

a) Ás Cortes Xerais, mediante Lei Orgánica

b) Ás Comunidades Autónomas, cando o dispoñan expresamente os seus Estatutos de Autonomía.

c) Aos vecinos dos municipios que poideran verse afectados

d) Aos Parlamentos Autonómicos

5. Como se constitúe o Pleno da Deputación segundo o disposto no artigo 33.1 da Ley 7/1985, de 2 de abril:

a) polos membros que dispoña o seu regulamento orgánico

b) Polo presidente, o Secretario e os Vicepresidentes

c) polos deputados

d) Polo Presidente e os deputados

6. Segundo o previsto no artigo 34 da Lei 7/1985, de 2 de novembro, lle corresponde, en todo caso ao Presidente da Deputación. Sinale a resposta incorrecta:

a) Dirixir o goberno e a administración da provincia





- b) Asegurar a xestión dos servizos propios da Comunidade Autónoma cuxa xestión ordinaria estea encomendada á Deputación
- c) Aprobar a Relación de Postos de Traballo provincial
- d) Desempeñar a xefatura superior de todo o persoal.

7. O cese dos vicepresidentes provinciais, de acordo co previsto no artigo 66 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais:

- a) Será libremente exercido polo presidente provincial.
- b) Pode materializarse por renuncia expresa manifestada por escrito do titular
- c) Se produce de xeito automático coa perda de condición de membro da Comisión de goberno
- d) Todas as respostas son correctas

8. Corresponden ao Pleno da Deputación Provincial. Sinale a incorrecta:

- a) A organización da Deputación
- b) Acordar as operacións de crédito ou garantía e conceder quitas e esperas, así como o recoñecemento extraxudicial de créditos
- c) Administrar, conservar e mellorar o patrimonio provincial e soster e desenvolver os servizos provinciais
- d) O exercicio de accións administrativas e xudiciais e a defensa nos procedementos incoados contra a Deputación

9. O número de Deputados aos que o Presidente pode nomear membros da Xunta de Goberno:

- a) Non poderá ser superior ao tercio do número legal de membros da Corporación.
- b) Deberá ser igual ao tercio do número legal de membros da Corporación.
- c) Non poderá ser superior a tres cuartas partes o número legal de membros da Corporación.
- d) Deberá ser igual a tres cuartas partes o número legal de membros da Corporación





10. Asegurar a prestación integral e axeitada en todo o territorio provincial dos servizos de competencia autonómica:

- a) é un fin propio e específico da provincia
- b) é una competencia provincial
- c) é una competencia
- d) ninguna é correcta

Tema 2: O Municipio: concepto e elementos esenciais. A organización municipal. Competencias

As persoas que residindo nun municipio carezan de domicilio no mesmo:

- a) Non poderán ser inscritas no padrón de habitantes
- b) Deberán ser inscritas nun padrón de habitantes especial para toda España.
- c) Soamente poderán ser inscritas no padrón despois de ter posto o feito en coñecemento dos servizos sociais.
- d) Soamente poderán ser inscritas no padrón despois de ter posto o feito en coñecemento do Ministerio do interior.

2. Cal destes servizos deben prestar os municipios con poboación superior a 5.000 habitantes e inferior a 20.000:

- a) Prevención e extinción de incendios
- b) Biblioteca pública
- c) Instalacións deportivas de usos públicos
- d) Protección civil

3. Non constitúe un elemento do municipio:

- a) O territorio
- b) A poboación
- c) A competencia
- d) A organización





4. Que maioría é necesaria para a aprobación dun regulamento orgánico municipal:

- a) Maioría simple
- b) Unanimidade
- c) Maioría absoluta
- d) Maioría de dous terzos.

5. Segundo o disposto no artigo 47.2 da Lei de bases de réxime local, se require de maioría absoluta para a aprobación de operacións financeiras ou de crédito e concesións de quitas ou esperas, cando o seu importe:

- a) Supere o 1 por cento dos recursos ordinarios do orzamento
- b) Supere o 5 por cento dos recursos ordinarios do orzamento
- c) Supere o 10 por cento dos recursos ordinarios do orzamento
- d) Non supere o 10 por cento dos recursos ordinarios do orzamento

6. Non é unha competencia propia dos concellos:

- a) A protección do medio ambiente
- b) A protección da salubridade pública
- c) O transporte público de viaxeiros
- d) Xestionar a protección por desemprego dos habitantes do seu termo municipal

7. Segundo o recollido no Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, cando o alcalde renuncie ao seu cargo, deberá facer efectiva a renuncia por escrito ante o Pleno, que deberá adoptar acordó de coñecemento:

- a) Dentro dos cinco días seguintes
- b) Dentro dos oito días seguintes
- c) Dentro dos dez días seguintes
- d) Dentro dos quince días seguintes

8. Dentro das atribucións do alcalde NON se atopan:

- a) Nomear e cesar aos Tenente de Alcalde





- b) Ditar bandos
- c) Desempeñar a xefatura superior de todo o persoal da Corporación
- d) Aprobar o persoal de persoal e a relación dos postos de traballo da Entidade

9. O número de Concelleiros aos que o Alcalde pode nomear membros da Xunta de Goberno, non poderá ser superior:

- a) A dez en todo caso
- b) Ao terzo do número legal de membros da Corporación.
- c) A dous terzos do número legal de membros da Corporación.
- d) A un quinto do número legal de membros da Corporación.

10. Son órganos necesarios da Deputación:

- a) A comisión especial de Contas
- b) A Xunta de Goberno
- c) Os Vicepresidentes
- d) As respostas b e c son correctas

Tema 3: O réxime de sesións e acordos dos órganos colexiados. Clases de sesións. Requisitos e procedementos de constitución e celebración de sesións. Actas e certificacións.

1. O acordo polo que o Pleno delega algunha das súas atribucións:

- a) Se adoptará por maioría simple
- b) Se adoptará por maioría absoluta
- c) Se adoptará por unanimidade
- d) Ningunha das respostas anteriores é correcta

2. Cal dos seguintes non é un tipo de sesión do Pleno:

- a) Ordinarias
- b) Ordinarias urxentes





c) Extraordinarias

d) Extraordinarias urxentes

3. Como se establece a periodicidade das sesións ordinarias do Pleno:

a) Será fixada por acordo do propio Pleno adoptado en sesión extraordinaria

b) Será fixada por acordo do propio Pleno adoptado en sesión extraordinaria urxente

c) Será fixada por acordo do propio Pleno adoptado en sesión ordinaria

d) será fixada por acordo do propio Pleno adoptado na sesión constitutiva do mesmo

4. Son sesións extraordinarias do Pleno:

a) Aquelas que convoque o Alcalde ou Presidente con tal carácter, por iniciativa propia ou a solicitude de dous terzos, polo menos, do número legal de membros da Corporación.

b) Aquelas que convoque o Alcalde ou Presidente con tal carácter, por iniciativa propia ou a solicitude da maioría simple do número legal de membros da Corporación

c) Aquelas que convoque o Alcalde ou Presidente con tal carácter, por iniciativa propia ou a solicitude da maioría absoluta do número legal de membros da Corporación

d) Aquelas que convoque o Alcalde ou Presidente con tal carácter, por iniciativa propia ou a solicitude da cuarta parte, polo menos, do número legal de membros da Corporación

5. A convocatoria da sesión extraordinaria a instancia de membros da Corporación deberá efectuarse:

a) Dentro dos catro días seguintes á petición e non poderá demorarse a súa celebración por máis de dous meses desde que o escrito tivese entrada no Rexistro Xeral.

b) Dentro dos dous días seguintes á petición e non poderá demorarse a súa celebración por máis de dous meses desde que o escrito tivese entrada no Rexistro Xeral.

c) Dentro dos catro días seguintes á petición e non poderá demorarse a súa celebración por máis de un mes desde que o escrito tivese entrada no Rexistro Xeral.

d) Dentro dos dous días seguintes á petición e non poderá demorarse a súa celebración por máis de un mes desde que o escrito tivese entrada no Rexistro Xeral.





6. Nas sesións plenarias, os asuntos se debaterán e votarán:

- a) Na orde que decida o Presidente na propia sesión
- b) Segundo orde de urxencia que será votada ao inicio da sesión
- c) Na orde en que estivesen relacionados na orde do día prevista na convocatoria
- d) Ningunha das respostas anteriores é correcta

7. A petición de retirada dalgún expediente incluído na orde de día, a efecto de que se incorporen ao mesmo documentos ou informes:

- a) Deberá ser acordada por maioría simple
- b) Deberá ser acordada por maioría absoluta
- c) Non se pode retirar un asunto incluído na orde do día
- d) Deberá ser acordada polo Presidente

8. Segundo o establecido no Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, un ditame é:

- a) A proposta que se somete ao Pleno relativa a un asunto incluído na orde do día, que acompaña á convocatoria.
- b) A proposta sometida ao Pleno tras o estudo do expediente pola Comisión Informativa.
- c) A proposta que se somete directamente a coñecemento do Pleno ao amparo do previsto no artigo 91.4 deste Regulamento.
- d) A proposta de actuación dirixida a algúns dos órganos de goberno municipal.

9. O voto dos concelleiros:

- a) É persoal e segredo
- b) É indelegable
- c) É persoal e delegable
- d) É persoal e indelegable





10. De cada sesión plenaria o Secretario estenderá acta na que haberá de constar:

- a) Transcrición literal de todas as intervencións producidas
- b) Nome e apelidos do Presidente e unicamente dos membros da Corporación presentes
- c) Carácter ordinario ou extraordinario da sesión, e se se celebra en primeira ou en segunda convocatoria
- d) As respostas b e c son correctas

Tema 4: A intervención administrativa no urbanismo: licenzas, comunicacións previas e disciplina urbanística

1. Estarán suxeitos a licenza municipal, os seguintes actos:

- a) Os muros de contención de terras, segundo establézase regulamentariamente
- b) Os grandes movementos de terras e as explanacións
- c) A talla de masas arbóreas ou de vexetación arbustiva en terreos incorporados a procesos de transformación urbanística.
- d) Todas as respostas anteriores son correctas.

2. Quedan suxeitos ao réxime de intervención municipal de comunicación previa:

- a) As demolicións.
- b) A implantación de calquera instalación de uso residencial, xa sexa provisional ou permanente.
- c) Actos de edificación e uso do chan e do subsolo non suxeitos a licenza.
- d) Todas as respostas anteriores son correctas.

3. Sobre o procedemento de outorgamento de licenzas:

- a) A competencia para outorgar as licenzas corresponde aos municipios, segundo o procedemento previsto na lexislación de réxime local.
- b) Ás solicitudes de licenzas que se refiran á execución de obras ou instalacións deberá achegarse proxecto básico redactado por un técnico competente.
- c) Unha vez presentado ante o concello, o proxecto adquire o carácter de documento público.





d) Todas son correctas

4. As peticións de licenza resolveranse no prazo:

- a) De un mes, a contar desde a presentación da solicitude coa documentación completa no rexistro do concello.
- b) De dous meses, a contar desde a presentación da solicitude coa documentación completa no rexistro do concello.
- c) De tres meses, a contar desde a presentación da solicitude coa documentación completa no rexistro do concello.
- d) De seis meses, a contar desde a presentación da solicitude coa documentación completa no rexistro do concello.

5. Para o outorgamento de licenza:

- a) Serán preceptivos os informes técnicos e xurídicos municipais sobre a súa conformidade coa legalidade urbanística.
- b) Serán facultativos os informes técnicos e xurídicos municipais sobre a súa conformidade coa legalidade urbanística.
- c) Será preceptivo o informe técnico e facultativo o xurídico dos técnicos municipais sobre a súa conformidade coa legalidade urbanística.
- d) Será facultativo o informe técnico e preceptivo o xurídico dos técnicos municipais sobre a súa conformidade coa legalidade urbanística.

6. No acto de outorgamento da licenza de edificación determinaranse os prazos de caducidade por causa de demora na iniciación e finalización das obras

- a) Na súa falta, o prazo de iniciación non poderá exceder de seis meses e o de terminación de tres anos.
- b) Na súa falta, o prazo de iniciación non poderá exceder de seis meses e o de terminación de dous anos.
- c) Na súa falta, o prazo de iniciación non poderá exceder de tres meses e o de terminación de tres anos.
- d) Na súa falta, o prazo de iniciación non poderá exceder de tres meses e o de terminación de dous anos.





7. Os municipios poderán conceder prórroga dos referidos prazos da licenza.
- Non poderá ser por prazo superior á metade do prazo inicialmente acordado.
 - Non poderá ser por prazo superior ao inicialmente acordado.
 - Non poderá ser por prazo superior ao dobre do prazo inicialmente acordado.
 - Non se pode conceder prórroga dos prazos da licenza
8. A comunicación previa deberá ir acompañada da seguinte documentación
- Descrición técnica das características do acto de que se trate
 - Xustificante de pago dos tributos municipais
 - Autorización ou documento de avaliación ambiental, en caso de requirila o uso a que se destinen as obras
 - Todas son correctas
9. Cando se estivese realizando algún acto de uso do chan ou do subsolo sen o título habilitante esixible en cada caso ou sen axustarse ás condicións sinaladas no mesmo:
- A persoa titular da alcaldía dispoñerá a suspensión inmediata dos devanditos actos e procederá a incoar o expediente de reposición da legalidade.
 - A persoa titular da alcaldía dará audiencia previa ao interesado para decidir se procede incoar o expediente de reposición da legalidade
 - A persoa titular da alcaldía procederá a incoar o expediente de reposición da legalidade de xeito inmediato.
 - Ninguha é correcta.
10. Instruído o expediente de reposición da legalidade e previa audiencia do interesado, se as obras ou os usos puidesen ser legalizables por ser compatibles co ordenamento urbanístico, requirirase ao interesado:
- Para que no prazo de un mes presente a solicitude da oportuna licenza ou comunicación previa correspondente, manténdose a suspensión das obras e usos en tanto esta non fose outorgada ou non se presentase a comunicación previa.
 - Para que no prazo de dous meses presente a solicitude da oportuna licenza ou comunicación previa correspondente, manténdose a suspensión das obras e usos en tanto esta non fose outorgada ou non se presentase a comunicación previa.





c) Para que no prazo de tres meses presente a solicitude da oportuna licenza ou comunicación previa correspondente, manténdose a suspensión das obras e usos en tanto esta non fose outorgada ou non se presentase a comunicación previa.

d) Para que no prazo de seis meses presente a solicitude da oportuna licenza ou comunicación previa correspondente, manténdose a suspensión das obras e usos en tanto esta non fose outorgada ou non se presentase a comunicación previa.

Tema 5: A responsabilidade patrimonial da administración: Procedemento das administracións públicas en materia de responsabilidade patrimonial. Principios xerais e tramitación dos expedientes. A responsabilidade patrimonial das autoridades e persoal ao servizo das administracións públicas. Os contratos administrativos na esfera local. Procedemento para a selección de contratistas.

1. Como especialidade na resolución dos procedementos de responsabilidade patrimonial:

a) Será necesario que a resolución se pronuncie sobre a existencia ou non da relación de causalidade entre o funcionamento do servizo público e a lesión producida.

b) Será necesario que a resolución se pronuncie sobre a valoración do dano causado.

c) Será necesario que a resolución se pronuncie sobre a contía e o modo da indemnización

d) Todas son correctas

2. Será preceptivo solicitar ditame do Consello de Estado ou, no seu caso, do órgano consultivo da Comunidade Autónoma, con respecto aos procedementos de responsabilidade patrimonial:

a) En todo caso

b) En ningún caso, soamente son preceptivos os informes da administración afectada

c) Cando as indemnizacións reclamadas sexan de contía igual ou superior a 50.000 euros ou á que se estableza na correspondente lexislación autonómica.

d) Cando as indemnizacións reclamadas sexan de contía igual ou superior a 30.000 euros ou á que se estableza na correspondente lexislación autonómica

3. No caso dos procedementos de responsabilidade patrimonial:





- a) Será preceptivo solicitar informe ao servizo cuxo funcionamento ocasionase a presunta lesión indemnizable, non podendo exceder de dez días o prazo da súa emisión.
- b) Será facultativo solicitar informe ao servizo cuxo funcionamento ocasionase a presunta lesión indemnizable, non podendo exceder de dez días o prazo da súa emisión.
- c) Será preceptivo solicitar informe ao servizo cuxo funcionamento ocasionase a presunta lesión indemnizable, non podendo exceder de quince días o prazo da súa emisión.
- d) Será facultativo solicitar informe ao servizo cuxo funcionamento ocasionase a presunta lesión indemnizable, non podendo exceder de quince días o prazo da súa emisión

4. As iniciacións de oficio dun procedemento de responsabilidade patrimonial:

- a) Soamente poderán acordarse se xa prescribiu o dereito á reclamación do interesado referido no artigo 67 da Lei 39/2015.
- a) Soamente poderán acordarse se non prescribiu o dereito á reclamación do interesado referido no artigo 67 da Lei 39/2015.
- b) Non pode incoarse de oficio un procedemento de responsabilidade patrimonial, por ir en contra dos intereses propios da administración.
- d) Ningunha das respostas anteriores é correcta.

5. O dereito do interesado a reclamar e solicitar o incio dun procedemento de responsabilidade patrimonial :

- a) Prescribirá aos seis meses de producido o feito ou o acto que motive a indemnización ou se manifeste o seu efecto lesivo.
- b) Prescribirá ao ano de producido o feito ou o acto que motive a indemnización ou se manifeste o seu efecto lesivo.
- c) Prescribirá aos dous anos de producido o feito ou o acto que motive a indemnización ou se manifeste o seu efecto lesivo.
- d) Non esta suxeito a prescrición.

6. De acordo con o establecido na Lei 9/2017 de contratos do sector público, que valor económico determina a competencia do órgano de contratación:





- a) Valor estimado
- b) Presuposto base de licitación
- c) Prezo
- d) Estimación do gasto

7. De acordo con o artigo 16 da Lei 9/2017, do 8 de novembro de contratos do Sector Público, unha das respostas seguintes non é correcta en relación ao contrato de subministración:

- a) Son contratos de subministración os que teñen por obxecto a adquisición, o arrendamento financeiro, ou o arrendamento, con ou sen opción de compra, de produtos ou bens inmoables.
- b) En todo caso, non se considerarán contratos de subministración os que teñan por obxecto a adquisición de enerxía primaria ou enerxía transformada.
- c) En todo caso, consideraranse contratos de subministración os de fabricación, polos que a cousa ou cousas que haxan de ser entregadas polo empresario deban ser elaboradas conforme características peculiares fixadas previamente pola entidade contratante, aínda cando esta obríguese a achegar, total ou parcialmente, os materiais precisos.
- d) En todo caso, consideraranse contratos de subministración, aqueles en os que o empresario se obrigue a entregar unha pluralidade de bens de forma sucesiva e por prezo unitario sen que a contía total defínase con exactitude ao tempo de celebrar o contrato, por estar subordinadas as entregas ás necesidades do adquirente.

8. A adxudicación de contratos no sector público, ordinariamente, realizarase utilizando o procedemento:

- a) Aberto e restrinxido
- b) Aberto e de diálogo competitivo
- c) Restrxinxido ou negociado
- d) Aberto ou restrinxido

9. Os contratos menores:

- a) Non poderán ter unha duración superior a un ano nin ser obxecto de prórroga
- b) Poderán ter unha duración superior a un ano e ser obxecto de prórroga





- c) Non poderán ter unha duración superior a un ano e poderán ser obxecto de prórroga
- d) Poderán ter unha duración superior a un ano, pero non poderán ser obxecto de prórroga

10. A celebración de contratos por parte das administracións públicas requirirá previa tramitación do correspondente expediente que:

- a) Iniciarase polo órgano de contratación motivando a necesidade do contrato e deberá ser publicado na Plataforma de Contratación correspondente
- b) iniciarase polo órgano de contratación, tras publicar un anuncio preliminar na Plataforma de Contratación correspondente
- c) iniciarase polo órgano de contratación, tras publicar un anuncio preliminar no perfil de contratante
- d) Iniciarase polo órgano de contratación motivando a necesidade do contrato e deberá ser publicado no perfil de contratante.

Tema 6: Os bens das entidades locais. Réxime xurídico dos bens das entidades locais.

1. A cesión por calquera título do aproveitamento de bens comunais deberá ser acordada polo Pleno da Corporación, requiríndose:

- a) O voto favorable da maioría absoluta do número legal de membros
- b) O voto favorable da maioría simple do número legal de membros
- c) O voto favorable das dúas terceiras partes do número legal de membros
- d) O voto favorable da maioría prevista do número legal de membros

2. Están suxeitos a concesión administrativa:

- a) O uso privativo dos bens de dominio público
- b) O uso anormal dos mesmos
- c) As opcións a) e b) son correctas
- d) O uso público de bens de carácter privado

3. ¿Que deberán inscribir as entidades locais no Rexistro da Propiedade?





- a) O deslinde administrativo debidamente aprobado de acordo cos requisitos esixibles pola lexislación aplicable.
 - b) Os seus bens inmobles e dereitos reais, de acordo co previsto na lexislación hipotecaria
 - c) Os seus bens de dominio público, de acordo co previsto na lexislación especial
 - d) As licenzas por licitación, atendendo ao previsto na lexislación hipotecaria
4. Para declarar un terreo como sobrante, se requerirá:
- a) Acordo previo da corporación
 - b) Acordo adoptado co voto favorable da maioría absoluta do número legal de membros da Corporación.
 - c) O informe do órgano estatal ou autonómico competente.
 - d) Expediente de calificación xurídica
5. Os valores mobiliarios se custodiarán na caixa de caudais, baixo a responsabilidade de:
- a) Dos dous claveiros
 - b) Dos tres claveiros
 - c) Dos catro claveiros
 - d) Dos seis claveiros
6. O patrimonio das entidades locais estará constituído por:
- a) O conxunto de bens e dereitos que non lles pertencen
 - b) O conxunto de bens, dereitos e accións que non lles pertencen
 - c) O conxunto de acordos, bens, dereitos e accións que lles pertencen
 - d) O conxunto de bens, dereitos e accións que lles pertencen
7. Corresponde aos municipios a seguinte potestade en relación aos seus bens:
- a) A potestade de investigación
 - b) A potestade de expropiación
 - c) A potestade de protección





d) A potestade de inembargabilidade

8. ¿Poden os particulares prescribir ao seu favor bens das entidades locais?

- a) Non, pois son bens imprescriptibles
- b) Si, sempre que se trate de bens de dominio público
- c) Si, sempre que se trate de bens patrimoniais
- d) Sí, xa que a prescripción é un modo de adquisición de bens e dereitos

9. ¿Poden ser obxecto de inscrición no Rexistro da Propiedade os bens inmobles de dominio público municipais?

- a) Non, pois se exclúen expresamente da súa inscrición os bens demaniais
- b) Si poden ser obxecto de inscrición
- c) Deben ser obxecto de inscrición, por canto de conformidade co artigo 1 da Lei Hipotecaria, o Rexistro ten por obxecto a inscrición ou anotación dos actos e contratos relativos ao dominio e demais dereitos reais sobre bens inmobles.
- d) Non, salvo as infraestruturas

10. A alteración da calificación xurídica dos bens de dominio público é unha competencia que lle corresponde:

- a) Ao Pleno
- b) Á xunta de Goberno se o Pleno delegou a mesma nos municipios de gran poboación.
- c) A O/A Presidente/a se o Pleno lle delegou a competencia
- d) Ao Pleno sempre que o valor dos bens superen o 10% dos recursos ordinarios do orzamento.

Tema 7: O persoal ao servizo da Administración local: concepto e clases. Nacemento e extinción da relación funcional. Dereitos e deberes do funcionariado.

1. As retribucións básicas do persoal funcionario estarán compostas por:

- a) Salario base e complemento de destino
- b) Salario base de complemento específico





- b) Salario base, complemento de destino, complemento específico e trienios.
- c) Salario base e trienios

2. As Relacións de Postos de Traballo incluirán, como mínimo para cada posto:

- a) O sistema de provisión do posto
- b) A clasificación profesional
- c) O código alfanumérico
- d) Todas son correctas

3. De acordo co artigo 15 do Real Decreto 5/2015 polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do empregado Público, que se exerce de forma colectiva:

- a) Inamobilidade na condición de funcionario de carreira
- b) Progresión na carreira profesional
- c) Adopción de medidas que favorezan a conciliación da vida persoal, familiar e laboral
- d) Participación na determinación das condicións de traballo

4. Segundo o disposto no artigo 16 do Real Decreto 5/2015 polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do empregado Público, que concepto ten como definición : “conxunto ordeado de oportunidades de ascenso e expectativas de progreso profesional conforme aos principios de igualdade, mérito e capacidade”:

- a) A carreira profesional
- b) Os procesos selectivos de promoción interna
- c) A progresión de escala
- d) Ningunha das anteriores é correcta

5. Cal das seguintes non é unha causa de cese do persoal eventual:

- a) Libre decisión da autoridade que efectuou o nomeamento
- b) Despedimento
- c) Cese da autoridade que efectuou o nomeamento
- d) Renuncia





6. Serán obxecto de negociación colectiva as seguintes materias. Sinala a incorrecta:

- a) Os Plans de previsión social complementaria
- b) Os criterios xerais de acción social
- c) O calendario laboral
- d) As bases específicas de cada convocatoria de procesos selectivos.

7. Os empregados públicos teñen os seguintes dereitos de carácter individual en correspondencia coa natureza xurídica da súa relación de servizo. Sinala a incorrecta:

- a) Á intimidade no uso de dispositivos dixitais postos á súa disposición e fronte ao uso de dispositivos de videovixilancia e xeolocalización, así como á desconexión dixital nos termos establecidos na lexislación vixente en materia de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.
- b) A percibir as retribucións e as indemnizacións por razón do servizo
- c) A participar na elaboración das bases dos procesos selectivos
- d) Á inamabilidade na condición de funcionario de carreira

8. Cal de estes permisos aplicables aos funcionarios públicos ten unha duración igual ao tempo indispensable para a súa realización:

- a) O traslado de domicilio sen cambio de residencia
- b) A concurrencia a exames finais e demais probas definitivas de aptitudes
- c) Realización de exámenes prenatais e técnicas de preparación ao parto
- d) Ningunha das anteriores

9. Cal dos seguintes non constitúe un principio de conducta do persoal funcionario:

- a) Tratar con atención e respecto aos cidadáns, aos superiores e restantes empregados públicos
- b) Informar aos cidadáns sobre calquer asunto dos que se están a tramitar na administración correspondente.
- c) Manter actualizada a súa formación e cualificación
- d) Observar as normas de seguridade e saúde laboral





10. Cal dos seguintes constitúe un principio rector dos procesos de selección de persoal laboral e funcionario:

- a) Homoxeneidade
- b) Discrecionalidade
- c) Transparencia
- d) Ningún e correcto

Tema 8: As facendas locais. Clasificación dos ingresos. Orzamentos das entidades locais. Formación, aprobación e prórroga do orzamento.

1. Segundo o disposto no Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, ¿ a quen e cando se debe remitir copia do orzamento xeral definitivamente aprobado?

- a) Á Administración do Estado e á correspondente Comunidade Autónoma, dentro do mes seguinte á súa publicación no boletín oficial da corporación, se o tivese, ao da provincia ou no seu caso, da comunidade autónoma uniprovincial.
- b) Á Administración do Estado e á correspondente Comunidade Autónoma, simultaneamente ao envío ao boletín oficial da corporación, se o tivese, ao da provincia ou no seu caso, da comunidade autónoma uniprovincial.
- c) Á Administración do Estado, dentro do dos quince días hábiles seguintes á súa publicación no boletín oficial da corporación, se o tivese, ao da provincia ou no seu caso, da comunidade autónoma uniprovincial
- d) ninguna das anteriores é correcta.

2. En relación aos beneficios fiscais previstos nas ordenanzas municipais. ¿ en que parte do expediente de aprobación do orzamento deben incluírse?

- a) No estado de gastos, pois supón unha concesión voluntaria da corporación
- b) Non teñen reflexo, tan solo minoran a previsión do concepto afectado
- c) Como anexo ao expediente
- d) Debe facerse mención dos mesmos nas Bases de execución do orzamento.

3. O exercizo do control financeiro das subvencións e xudas públicas:





- a) Outorga a competencia para acordar a reintegro da subvención
- b) Se realiza polos funcionarios designados polo órgano concedente das axudas
- c) Ten por obxecto comprobar as subvencións de capital outorgadas a favor dos organismos autónomos
- d) Ten por obxecto comprobar que os importes das subvencións se invertiron nas finalidades para as que foron concedidas.

4. As fases de execución do orzamento de ingresos son:

- a) Compromiso de ingreso e liquidación dos dereitos
- b) Compromiso de ingreso e cobro material
- c) Compromiso de ingreso e recoñecemento dos dereitos
- d) Compromiso de ingreso, recoñecemento e liquidación dos dereitos e ingreso material ou cobro.

5. Son modificacións cualitativas, é dicir, aquelas que non alteran o importe total do orzamento de gastos, as seguintes:

- a) Créditos extraordinarios e suplemento de créditos
- b) Transferencias de crédito e ampliacións de crédito
- c) Transferencias de créditos, créditos extraordinarios e suplementos de créditos financiados con baixas por anulación
- d) Xeracións de créditos por ingresos e baixas por anulación

6. Dende o punto de vista da orde orzamentaria vixente, os gastos dos orzamentos das entidades locais contarán coa seguinte clasificación:

- a) Unidades orgánicas e categorías económicas
- b) Por programa, por categorías económicas e opcionalmente por unidades orgánicas
- c) Unidades orgánicas e por programa
- d) Por programas, categorías económicas e opcionalmente por unidades orgánicas

7. Contra a aprobación definitiva do Orzamento, o recurso que poderá interperse é:

- a) O de reposición obrigatoriamente, como previo á vía contencioso-administrativa





- b) O de revisión ante o Tribunal de Contas
- c) O contencioso-administrativo
- d) O económico-administrativo

8. As fases de execución do orzamento de gastos son:

- a) Retención de créditos, autorización e compromiso de gasto
- b) Autorización, compromiso ou disposición do gasto e ordenación do pago
- c) Autorización, disposición ou compromiso do gasto, recoñecemento da obriga e ordenación do pago
- d) Recoñecemento da obriga, ordenación do pago e pago material

9. As entidades locais non poderán esixir taxas polos servizos seguintes:

- a) Abastecemento de augas en fontes públicas
- b) Protección civil
- c) Limpeza da vía pública
- d) Todas son correctas

10. Sinala a resposta correcta:

- a) As taxas pola prestación de servizos non exclúen a exacción de contribucións especiais polo establecemento ou ampliación daqueles.
- b) Para o establecemento das taxas nunca se terá en conta a capacidade económica do contribuínte
- c) As entidades locais non poderán esixir taxas en réxime de autoliquidación.
- d) As entidades locais estarán obrigadas ao pago das taxas por utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público polos aproveitamentos inherentes aos servizos públicos de comunicacións que exploten directamente.

Tema 9: Políticas de igualdade de xénero. Políticas contra a violencia de xénero. Discapacidade e dependencia.





1-O artigo 6 da Lei Orgánica 3/2007, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, define como discriminación indirecta por razón de sexo:

- a) A situación na que unha disposición, criterio ou práctica aparentemente neutros pon a persoas dun distinto sexo en desvantaxe particular con respecto a persoas do outro salvo que puidese xustificarse obxectivamente en atención a unha finalidade ilexítima e que os medios para alcanzar a devandita finalidade sexan necesarios e adecuados.
- b) A situación na que unha disposición, criterio ou práctica aparentemente neutros pon a persoas dun sexo en desvantaxe particular con respecto a persoas do outro salvo que puidese xustificarse obxectivamente en atención a unha finalidade lexítima e que os medios para alcanzar a devandita finalidade sexan necesarios e adecuados.
- c) A situación na que se atopa unha persoa que sexa, fose ou puidese ser tratada, en atención ao seu sexo, de maneira menos favorable que outra en situación comparable
- d) A ausencia de toda discriminación directa ou indirecta por razón de sexo, e, especialmente, as derivadas da maternidade, a asunción de obrigacións familiares e o estado civil.

2.Aos efectos da Lei Orgánica 3/2007, para a igualdade efectiva de mulleres e homes constitúe acoso sexual:

- a) calquera comportamento, verbal ou físico, de natureza sexual que teña o propósito ou produza o efecto de atentar contra a dignidade dunha persoa, en particular cando se crea unha contorna intimidatoria, degradante ou ofensiva.
- b) calquera comportamento, que comporte una acción física, de natureza sexual que teña o propósito ou produza o efecto de atentar contra a dignidade dunha persoa, en particular cando se crea unha contorna intimidatoria, degradante ou ofensiva.
- c) calquera comportamento realizado en función do sexo dunha persoa, co propósito ou o efecto de atentar contra a súa dignidade e de crear unha contorna intimidatoria, degradante ou ofensiva
- d) ninguna das respostas anteriores é correcta

3. Según o artigo 3 da Lei Orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, o principio de igualdade de trato entre mulleres e homes supón:

- a) A ausencia de toda discriminación, directa ou indirecta, por razón de sexo.
- b) A creación de dous Institutos, o da Muller e o do Home.
- c) A desaparición dos consellos municipais da Muller





d) Que o Servizo Rexional de Emprego preste atención á situación laboral do home.

4. De acordo co artigo 40 da Lei Orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, un dos criterios xerais da actuación dos poderes públicos será a protección da maternidade, con especial atención á asunción pola sociedade dos efectos derivados:

- a) do embarazo
- b) do parto
- c) da lactancia
- d) todas son correctas

5. O principio de igualdade de trato entre mulleres e homes:

- a) Informará con carácter prioritario a actuación dos poderes públicos
- a) Informará con carácter transversal a actuación dos poderes públicos
- b) Informará con carácter executivo a actuación dos poderes públicos
- c) todas son incorrectas

6. ¿Quen aprobará periódicamente un Plan Estratéxico de Igualdade de Oportunidades?

- a) O goberno
- c) As comunidades autónomas
- c) As entidades locais
- d) AS entidades locais en colaboración coas Comunidades Autónomas

7. Os proxectos de disposicións de carácter xeral e os plans de especial relevancia económica, social, cultural e artística que se sometan á aprobación do Consello de Ministros deberán incorporar:

- a) Un informe sobre o seu impacto en relación coa paridade de xénero
- b) Un regulamento sobre o seu impacto por razón de xénero
- c) Un informe sobre o seu impacto por razón de xénero





d) Un informe co contido previsto no artigo 14 da Lei de igualdade entre mulleres e homes

8. Coa finalidade de avanzar cara un reparto equitativo dos tempos entre mulleres e homes ás corporacións locais poderán establecer:

a) Plans supramunicipais de conciliación laboral e familiar nas cidades.

b) Plans municipais de conciliación laboral e familiar

c) Plans supramunicipais de organización do tempo da cidade

d) Ningunha das respostas é correcta

9. As Administracións Públicas, no exercizo das súas respectivas competencias fomentarán o ensino e a investigación sobre o significado e o alcance da igualdade entre homes e mulleres en:

a) Todos os ámbitos educativos

b) No ámbito da educación superior

c) No ámbito da educación primaria

d) No ámbito da educación infantil

10. ¿ A quen corresponde promover a plena integración das mulleres na sociedade da información mediante o desenvolvemento de programas específicos?

a) Ás Comunidades autónomas

b) Aos medios de comunicación social

c) Ao Goberno

d) Á Secretaría de Estado de relacións cos medios de comunicación

Tema 10: A Lei orgánica de protección de datos de carácter persoal e o seu regulamento. Obxecto e réxime xurídico. Principios da protección de datos. Dereitos dos cidadáns. Ficheiros de titularidade pública.

1. En base a que norma se ditou a Lei 3/2018 de Protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais:

a) Regulamento Europeo 2016/679

b) Regulamento Europeo 2016/769





- c) Regulamento Europeo 2017/769
- d) Regulamento Europeo 2017/679

2. Conforme á lexislación específica, ¿cal é a definición de "Datos Persoais"?

- a) Toda información sobre unha persoa física identificada ou identificable, por exemplo un nome ou un número de identificación.
- b) Todo conxunto estruturado de datos persoais, accesibles conforme criterios determinados.
- c) Datos relativos ás características xenéticas herdadas ou adquiridas dunha persoa física.
- d) Calquera operación ou conxunto de operacións realizadas sobre datos persoais ou conxuntos de datos.

3.O tratamento de datos persoais dun menor de idade unicamente poderá fundarse no seu consentimento cando este sexa maior de :

- a) Dezaseis anos
- b) Catorce anos
- c) Dezasete anos
- d) Quince anos

4. Segundo o establecido no artigo 9 da Lei 3/2018 de Protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais se consideran categorías especiais de datos:

- a) Os que permitan identificar a ideoloxía
- b) Os que permitan identificar a afiliación sindical
- c) Os que permitan identificar a orixe racial ou étnica
- d) Todas son correctas

5.O tratamento de datos persoais relativos a condenas e infraccións penais, así como a procedementos e medidas cautelares e de seguridade conexas, para fins distintos dos de prevención, investigación, detección ou axuízamento de infraccións penais ou de execución de sancións penais:





a) Só poderá levarse a cabo cando se atope amparado nunha norma de Dereito da Unión Europea.

a) Só poderá levarse a cabo cando se atope amparado nunha norma de Dereito da Unión europea, na lei orgánica de protección de datos ou noutras normas de rango legal.

c) Só poderá levarse a cabo por unha administración pública

d) Só poderá levarse a cabo pola administración de Xustiza.

6. Con respecto ao dereito de rectificación, o Regulamento UE 2016/679 indica que o interesado terá dereito a obter do responsable do tratamento a rectificación dos datos persoais inexactos:

a) Que se efectuará no prazo máximo de 5 días hábiles dende a solicitude

b) Que se efectuará no prazo máximo de 10 días hábiles dende a solicitude

c) Que se efectuará á maior brevidade posible.

d) Que se efectuará sen dilación indebida

7. A que concepto refírese esta definición: "A persoa física ou xurídica, autoridade pública ou outro organismo que, determine os fins e medios do tratamento":

a) Responsable do tratamento

b) Encargado do tratamento

c) Representante

d) Empresa

8. Sobre as condicións do consentimento no tratamento de datos, sinala a incorrecta:

a) O responsable deberá ser capaz de demostrar que o interesado consentiu o tratamento dos seus datos persoais

b) O consentimento se poderá outorgar mediante unha cláusula recóndita incorporada a unha declaración escrita

c) O interesado terá dereito a retirar o seu consentimento en calquera momento

d) Deberá ser tan fácil retirar o consentimento como outorgalo.





9. Para o tratamento con fins de arquivo en interese público, fins de investigación científica ou histórica ou fins estatísticos, o fin de garantir o principio de minimización dos datos, poderemos incluír medidas como:

- a) A seudonimización
- b) A anonimización
- c) O secreto de sumario
- d) As palabras clave

10. Cal dos seguintes non é un dereito dos interesados con respecto a protección de datos persoais:

- a) Acceso
- b) Rectificación
- c) Transformación
- d) Oposición

